



ACORDO DO 3 DE ABRIL DE 2020 POLA QUE SE PROCEDE Á REANUDACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE SE TRAMITAN NA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO DA CONSELLERÍA DO MAR

O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, determina as competencias atribuídas a esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, das que derivan os procedementos que nela se tramitan.

Con data 14 de marzo, publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, en cuxa Disposición Adicional Terceira, apartado 3, establécese:

-. “3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo”.

No apartado 4 dito Real Decreto prevíase inicialmente a suspensión de todos os prazos administrativos, coa soa excepción daqueles procedementos e resolucións referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, o que foi posteriormente modificado, toda vez que con data 18 de marzo de 2020 publicouse no «Boletín Oficial do Estado», o *Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, cuxo artigo único, modifica o apartado 4 da Disposición Adicional Terceira e habilita á Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral.





Así, para determinar, á vista da devandita D.A.3ª nos seus apartados 3 e 4, a continuación dos procedementos que se tramitan neste Dirección Xeral cómpre analizar, principalmente, dous grupos:

-. **Subvencións:**

As Exposicións de Motivos, tanto da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, como da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, inclúen as subvencións como un dos instrumentos fundamentais para a consecución dos obxectivos de interese xeral, respectivamente, nos seguintes termos: *“Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados **de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público**”* e, *“A concesión de subvencións constitúe hoxe un instrumento básico e indispensable **para a consecución dos obxectivos fixados na política social e económica do Goberno da Comunidade Autónoma**”*.

Considerando que o interese xeral que concorre nos procedementos para a tramitación de subvencións é o mesmo que constitúe o fundamento da súa excepcionalidade, a consecución de obxectivos de política social e económica, considérase imprescindible a tramitación destes procedementos para dar unha resposta adecuada aos cidadáns que os teñan instado, evitando os prexuízos que se lles puidesen irrogar pola suspensión que determina o estado de alarma, sempre coa debida observancia dos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Non obstante o anterior, nos procedementos de axudas en réxime de concorrencia competitiva recabarase igualmente a conformidade dos administrados para a súa continuación.

-. **Autorizacións, permisos ou similares. Procedementos iniciados a instancia de parte, previa solicitude do administrado:**

Neste tipo de procedementos, iniciados previa solicitude do interesado, óptase por unha interpretación favorable ao administrado que insta o procedemento; así, non existindo prexuízo para o interese xeral e coa fin de posibilitar o exercicio dos dereitos e intereses dos interesados neste tipo de procedementos continuarase coa súa tramitación, sempre que se conte coa conformidade dos mesmos.





En virtude do exposto, ACORDO:

Primeiro. Reanudar os procedementos que estivesen en tramitación con data 14 de marzo de 2020 ou que se inicien ou vaian a iniciarse con posterioridade á dita data incluídos nas materias anteriormente indicadas.

A lista de procedementos iniciados que continuarán a súa tramitación relacionase a continuación:

- **PE209B-** Axudas autonómicas para proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.
- **PE209F-** Axudas autonómicas a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade mediante a recollida de residuos mariños.
- **PE209G-** Axudas autonómicas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e das condicións de traballo, e da calidade dos produtos desembarcados da pesca.
- **PE209H-** Axudas autonómicas para proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.
- **PE401D-** Permiso de explotación para o marisqueo a pé con utilización dunha embarcación auxiliar.

Segundo. Publicar o presente acordo na páxina web da Consellería do Mar na forma e para os efectos que determina o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(Asinado dixitalmente)

